

O PRONOME PERSOAL

1. FORMAS TÓNICAS

Número	Persoa	Formas rectas	Formas oblicuas			
			Libres		Ligadas	
			Non reflexivas	Reflexivas	Non reflexivas	Reflexivas
Singular	1ª	eu	min		comigo	
	2ª	ti			contigo	
	3ª	el / ela		si		consigo
Plural	1ª	nós - nosoutros/as			connosco	
	2ª	vós - vosoutros/as			convosco	
	3ª	eles / elas		si		consigo

1.1. As **formas rectas** do pronome tónico (*eu, ti, el/ela, nós, nosoutros/as, vós, vosoutros/as, eles/elas*) funcionan como suxeito e atributo. Ex.: *Nós loitamos polo noso* (Suxeito) / *Os que loitamos fomos nós* (Atributo).

- ▶ Os pronomes *el, ela, eles, elas* contraen coas preposicións *de* e *en* cando forman parte da mesma frase. Ex.: *Non te fíes del* / *Non confíes nela*. Esta contracción non ten lugar cando a preposición introduce un verbo, aínda que non o vaia acompañando directamente. Ex. *De eles chegaren a tempo, imos xuntos*.
- ▶ As formas *nós* e *vós* levan til diacrítico para diferencialo das formas átonas *nos* e *vos*. Ex.: *Nós non nos renderemos*.
- ▶ As formas *nosoutros/as* e *vosoutros/as*, fronte a *nós* e *vós*, teñen un significado máis específico: refírense a un grupo pechado e ben delimitado. Ex.: *Nós somos todos do concello de Culleredo, pero nosoutras somos de Vilaboa*.
- ▶ Dialectalmente, no galego central rexístranse as formas *tu* (*ti*) e *il, iles* (*el, eles*).

1.2. As **formas oblicuas libres** (*min, ti, el/ela, nós, nosoutros/as, vós, vosoutros/as, eles/elas, si*) funcionan como termo de preposición ou de conxunción comparativa. Ex.: *Faláronme a min* (termo da prep.) / *É tan alto coma min* (termo da conx.)

- ▶ A maior parte das formas oblicuas libres coinciden coas rectas, agás **min**. Así pois, o pronome *eu* non se pode usar despois de preposición nin da conxunción comparativa. Ex. *Falou para min* (non **para eu*); *É coma min* (non **coma eu*).
- ▶ Na comparación é obrigado usar as conxuncións *ca* e *coma* ante pronomes persoais. Ex. *É tan simpático coma ela, pero menos atrevido ca vós*; non podemos empregar *que* ou *como*: **como ela, *ca vós*.

1.3. As **formas oblicuas ligadas** (*comigo, contigo, consigo, connosco, convosco, consigo*) son o resultado da contracción coa preposición *con*. Ex. *Non vai ir convosco porque agora está comigo*.

- ▶ Pode empregarse *con nós* e *con vós*, pero son preferibles as formas *connosco* e *convosco*. Ex. *Vide connosco*.

N.B. As **formas reflexivas *si* e *consigo*** refírense á mesma persoa que realiza a acción. Así, cando a acción é reflexiva (recae sobre a persoa que a realiza) debemos empregar estes pronomes. Fíxate na diferenza entre as seguintes oracións: *Mercouno para el* (para outro ou para si mesmo) / *Mercouno para si* (para si mesmo); *Levaron o rapaz con eles* (con eles mesmos ou con outras persoas) / *Levaron o rapaz consigo* (con eles mesmos).

2. FORMAS ÁTONAS

Número	Persoa	Complemento directo - Acusativo		Complemento indirecto - Dativo
Singular	1ª	me		
	2ª	te		che
	3ª	o, lo, no / a, la, na	se	lle
Plural	1ª	nos		
	2ª	vos		
	3ª	os, los, nos / as, las nas	se	lles

- Os pronomes átonos desempeñan as funcións de Complemento Directo (formas de acusativo) ou de Complemento Indirecto (formas de dativo). As formas de dativo tamén poden ter o valor de *dativo de solidariedade*.
- O pronome de 3ª persoa (singular e plural) de acusativo (C.D.) presenta diferentes alomorfos coa seguinte distribución:
 - **-lo, -la, -los, -las**: emprégase despois de formas verbais rematadas en -r ou -s. Ex. *Fixemos os deberes* → *Fixémolos*
 - **-no, -na, -nos, -nas**: emprégase despois de formas verbais rematadas en ditongo. Ex. *Viu unha pantasma* → *Viuna*
 - **o, a, os, as**: emprégase no resto dos casos (detrás doutras terminacións e cando o pronome vai diante do verbo). Ex. *Fago unha tortilla* → *Fágoa* / *Non fago unha tortilla* → *Non a fago*.
- Na segunda persoa temos unha forma para o Complemento Directo: **TE** e outra para o Complemento Indirecto: **CHE**.
 - Nalgunhas áreas dialectais só existe *che* para as dúas funcións (este fenómeno denomínase *cheísmo*). Ex. **Non che vin*
 - Noutras áreas só existe *te* para as dúas funcións (este fenómeno denomínase *teísmo*). Ex. **Non te falou*.
- **Contraccións**: os pronomes de dativo (*me, che, lle, nos, vos, lles*) contraen co acusativo de terceira persoa *o, a, os, as*:

	me	che	lle	nos	vos	lles
o	<i>mo</i>	<i>cho</i>	<i>llo</i>	<i>nolo</i>	<i>voló</i>	<i>llelo</i>
a	<i>ma</i>	<i>cha</i>	<i>lla</i>	<i>nola</i>	<i>vola</i>	<i>llela</i>
os	<i>mos</i>	<i>chos</i>	<i>llos</i>	<i>nos</i>	<i>volos</i>	<i>llelos</i>
as	<i>mas</i>	<i>chas</i>	<i>llas</i>	<i>nas</i>	<i>volas</i>	<i>llelas</i>

- O **dativo de solidariedade**: mediante o dativo de solidariedade o emisor implica o interlocutor nos feitos que conta, buscando unha maior proximidade afectiva. Os pronomes que se empregan como dativos de solidariedade son os de **segunda persoa: che, vos e lle, lles (cortesía)**. Ex.: *Haiche moito que traballar* / *Haivos moito que traballar* / *Haille moito que traballar*. Para non confundir este valor co complemento indirecto debemos ter en conta o seguinte:
 - Non pode reforzarse coa preposición *a* seguida de pronome tónico. Ex.
Non che gustan os doces → *A ti non che gustan os doces* (C.I. - Pode reforzarse coa prep. *a* + pronome tónico)
Non che quero saber nada diso → **A ti non che quero saber nada diso* (Dativo de solidariedade)
 - Pode ser eliminado do enunciado sen que varíe o seu significado. Ex.
Non che gustan os doces → *Non gustan os doces* (C.I. - Ao eliminarse o pronome, cambia o significado)
Non che quero saber nada diso → *Non quero saber nada diso* (Dativo de solidariedade - Pode eliminarse sen alterar o significado)

3. VALORES DE SE

- a. **Valor reflexivo:** indica a coincidencia entre o axente e o paciente da acción verbal. Exemplo: *Manolo peitéase con coidado.*
- b. **Valor recíproco:** Indica dous ou máis suxeitos executando e recibindo simultaneamente a acción verbal. Exemplo: *Os gatos aloumiñábanse con tenrura.*
- c. **Valor pronominal:** O *se* acompaña a verbos que necesitan o pronome para manter o seu significado; forma parte do verbo. Exemplo: *queixarse, arrepentirse, inmutarse...*
- d. **Valor impersonal:** O *se* é marca de impersonalidade en construcións que carecen de suxeito. Só se emprega con verbos en 3ª persoa de singular (non admite o plural). Equivale a ‘alguén / hai persoas que / hai quen’. Exemplo: *Diase que o mercado financeiro está en crise (Alguén di...).*
- e. **Valor de pasiva reflexa:** A diferenza das impersonais con *se*, as pasivas reflexas si que teñen un suxeito que concorda co verbo. Aparecen co verbo en singular ou en plural, pero sempre en voz activa (fronte á pasiva normal) e non levan o C. Axente. O pronome persoal *se* enmascara a identidade do axente. Ex. *Véndese unha casa en Lousame / Véndense casas en Tui.*

4. COLOCACIÓN DO PRONOME

Regras	Exemplos
1.Posición normal: <u>despois</u> do verbo (Posición enclítica):	
a. A posición normal do pronome átono é DESPOIS do verbo	Quérote moito.
Un pronome átono NUNCA pode comezar unha oración.	*Te quero moito.
2. O pronome vai <u>diant</u> do verbo (Posición proclítica) nos seguintes casos:	
a. En oracións negativas (<i>non, nunca, ningún, nin...</i>)	Non te quere. Nunca te quixo.
b. Con pronomes interrogativos ou exclamativos (<i>quen, como, que, cando, por que...</i>)	Por que te quero? Canto te quero!
c. En oracións subordinadas (introducidas por nexos subordinantes coma <i>que, se, quen...</i>)	Eu sei quen te quere. Pregúntalle se te quere.
d. En oracións desiderativas	Oxalá o queira.
e. Cando a oración comeza por adverbios coma <i>xa, sempre, só, moito, moi, tanto, seica, tamén...</i>	Sempre te quixo. Moito te quere. Seica te quere. Quizais te queira.
f. Cando a oración comeza por algúns indefinidos coma <i>algo, alguén, ambos, todo, calquera, bastante...</i>	Todos te queren. [Algúns quérante]